


## ACTIVIDADES PARA A SEMANA DO 27 – 30 DE ABRIL

### LUNS/MARTES

#### ACTIVIDADES

- **Lóxica-matemática:** Facer **series** con obxectos que temos pola casa.
  - Por tamaño.
  - Por cor.
  - Utilidade.



- **Merenda divertida:** Nos dirixiremos a cociña para preparar un plato divertido e primaveral con froita. Posteriormente escribimos os nomes dos ingredientes e debuxaremos o resultado final.





➤ **Conto: “Quen é ese becho?”:**

[http://kalandraka.tv/gl/seccion2.php?id=33&pagina=8&video=Paco%20Nogueiras%20-%20Quin%20es%20ese%20bicho#PD\\_Paco%20Nogueiras%20-%20Quin%20es%20ese%20bicho](http://kalandraka.tv/gl/seccion2.php?id=33&pagina=8&video=Paco%20Nogueiras%20-%20Quin%20es%20ese%20bicho#PD_Paco%20Nogueiras%20-%20Quin%20es%20ese%20bicho)

Vemos e escoitamos o conto e o rematar, comentámolo:

- De que fala o conto?
- Cantos bechos salían no conto?
- Recordas algún deles? ...

Despois de ver e comentar o conto podemos facer un debuxo do becho que máis nos gustou e poñemos o nome do conto.

- **Mesturas de cores:** Facemoslle preguntas aos nenos/as: ¿Qué ocorre se mesturamos o amarelo co azul? E ¿azul con vermello? E probamos que ocorre. Podemos usar témperas, ceras, colorante alimenticio... o que teñamos pola casa. Cos resultados das mesturas das cores podemos facer un debuxo. Unha idea pode ser... ¿e si pintamos en film transparente?



## MÉRCORES/XOVES

- Lembramos a importancia de lavar as mans a miúdo e podemos facelo de forma máis divertida escoitando a canción de **Migallas – “Canción para lavar as mans”**

<https://www.youtube.com/watch?v=EtVYkMXQ7rE>

### ➤ **BOTELLA SENSORIAL:**

#### **Materiais:**

- Botella transparente de plástico pequena.
- Aceite corporal de bebé.
- Auga.
- Purpurina.
- Colorante alimentario (se non temos podemos empregar ténpera ou pintura pero estes materiais poden deixar restos no fondo).
- Algún xogueto pequeno.

#### **Comezamos:**

- Enchemos dous terzos da botella con auga.
- Engadimos o colorante alimentario e remexemos. Se non temos colorante, podémolo facer sen él.
- Metemos os nosos xoguetes/obxetos dentro e botamos purpurina.
- Por último, engadimos o aceite corporal de bebé ata encher a botella.
- Unha vez rematada, precintamos a botella sensorial na zona do tapón ou botámoslle un pouquiño de silicona quente, sempre coa axuda dun adulto responsable.



(Durante a elaboración da botella sensorial podemos: contar o número de materiais que empregamos, escribilos nunha folla, anotar o proceso de elaboración...)

- **INVESTIGAMOS:** Para esta actividade elegimos un ser vivo da primavera (unha flor, unha árbore, un insecto...) e **investigamos** como é o seu corpo, o seu tamaño, que come, onde vive.

A continuación podemos anotar con axuda da nosa nai, pai, irmán maior... a información que atopamos e facer un debuxo.

- Actividades de **lóxica- matemática** relacionada coa primavera: escribimos e debuxamos en papel unhas flores e no talo das mesmas poñemos unha cantidade. Os nenos/as deberán pegar tantos botón como indica o número. Esta actividades pódese facer con calquera tipo de material: botón, boliñas de algodón, pasta...



\*\* Unha variante para os máis maiores, pode ser con sumas. Debuxamos macetas con números, e flores con diferentes sumas sinxelas. Os nenos/as teñen que coller as flores e colocalas na maceta que indique o resultado da suma.



- Escoitamos a **audición da “Primavera” de Vivaldi**. Despois de escoitala comentamos o que nos imaxinamos ao escoitala, que nos fai sentir. Volvémola a escoitar e mentres os nenos/as debuxarán o que lles suxire/imaxinan.